




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa Sur. Sector: Cabo Silleiro-A Guarda. Municipio: Oia. Parroquias: San Miguel de Viladesuso no extremo noroccidental, San Mamede de Pedornes no norte, e Santa María de Oia no sur. Extensión: 9,10km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Tramo de costa baixa de trazado xeral N-S case rectilíneo tan só interrompido na súa parte central pola cala do porto de Santa María de Oia. Xunto aos tramos acantilados desenvólense praias e campos de bloques resultado da intensa dinámica erosiva e sedimentaria. Tras a fronte costeira desenvólense unha superficie de pendente progresiva formada na súa parte inferior pola acumulación de depósitos de ladeira (derrubas e depósitos eluviais) acumulados tras o desmantelamento dos relevos graníticos. A parte superior da vertente correspóndese coas elevacións que pechan a unidade entre os altos do Castro (493m) e de Corroubelo (599m). Esta fronte montañosa está dividida por unha serie de vales de escasa lonxitude pero forte pendente, en ocasións condicionados pola rede de fracturas como o Rego do Val de Agüeira.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Aínda que a dominancia litolóxica absoluta corresponde aos granitos de afinidade alcalina, é posible observar recubrimentos de rocas metamórficas en forma de lentellóns, dispostas ao interior da unidade. Trátase de xistos e gneis do Precámbrico-Silúrico, nalgúns casos, e de gneis glandulares noutros. O máis destacado é a presenza de depósitos cuaternarios seguindo unha ampla banda paralela á costa que contén tanto depósitos coluviais como de terraza mariña, e prológase cara ao interior en forma de conos de dexestión.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Temperado e Hiperhúmido no extremo nororiental da unidade, no Alto de Corroubelo onde se acadan os 2000mm de precipitación media anual e a temperatura se sitúa entre 12°C e 14°C, cunha amplitude térmica que rolda os 14°C. O resto da vertente acantilada pertence ao ambiente Cálido con temperaturas medias superiores a 14°C, variando o réxime de precipitacións coa altitude. Así a franxa costeira dos primeiros 400mm aproximadamente sitúase entre os 1200mm e os 1400mm de precipitación media, dominio Húmido, e cara ao interior recóllense valores entre 1400mm e 1800mm durante o ano o que indica un ambiente Moi Húmido.

OS SOLOS

Estreita franxa costeira con escasa pendente na que se desenvolven solos profundos e evolucionados do tipo cambisol dístrico que soportan as actividades agropecuarias xunto aos asentamentos de poboación polo que tamén se forman antrosóis, sobre todo no contorno do núcleo do Arrabal. Aproximadamente o límite das agras marca un cambio de pendente significativo a partir do que as ladeiras acadan fortes desniveis. En consecuencia os solos adquiren cada vez menos grosor e desenvolvemento pasando de regosóis en media ladeira a leptosóis líticos na cabeceira delimitada polos altos de Corroubelo, do Castro e do Castelo con usos forestais.

AS AUGAS

O desenvolvemento da chaira costeira ao pé dos cantís permite a estruturación dunha simple rede hidrográfica composta por tres arrosos que verten directamente ao mar, nas Augas Costeiras 20103. Ao norte, desembocando no Porto de Rivasalta, destaca o río de Vilar. En Oia, o arrosio de Lavandeira apenas forma unha pequena valga cara aos relevos do este, mentres que algo máis ao sur, o arrosio do Val de Agüeira recolle a auga de escorrentía do Alto do Castelo e do Monte Valga.

O PATRIMONIO NATURAL

Fronte con hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos mal desenvolvido e extensas praias de cantos e bloques co hábitat 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Ladeiras con dominio da repoboación forestal, aínda que nas cimas aparecen matogueiras, potencialmente dos hábitats 4030, breixos secos europeos e 4090, breixos oromediterráneos endémicos con aliaga. As valgadas e alveolos con hidromorfía conteñen breixos húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix (4020), cando non deriva cara a pequenas turbeiras (71). Nas cimas abundan os afloramentos rochosos, dando importancia ao grupo de hábitats 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica. O Regato de Lavandeira, preto de Oia, ofrecen algún bosqueque ripícola (91E0). Aparecen agrupacións de frondosas en proceso de recolonización en Pedornes, O Mato Vello e Oia. Na parte alta de Oia, entre o ager e o saltus, aparecen restos dunha antiga masa de frondosas caducifolias derivada de antigos soutos (9260) e/ou carballeiras (9260).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A vexetación costeira de matogueira cobre a ladeira da cordilleira que limita a unidade polo leste, sen un uso produtivo específico. Na parte sur da unidade esta ladeira dedícase a usos forestais, mediante bosque de repoboación, cunha notable continuidade que se estende cara ao norte dun modo máis fragmentado. Aproximadamente desde a cota 100 cara ao mar (franja que abarca os primeiros 700 metros de terreo desde o mar) alternanse usos forestais e agrícolas, onde antes existía un continuo cultivado. É neste ámbito onde se concentran os fenómenos residenciais, articulados pola vía que tradicionalmente cosía os asentamentos orixinais, despregándose os crecementsos recentes desde aquí até a liña litoral, ao longo da PO-552. Na franxa acantilada litoral existe unha intensa actividade marisqueira de extracción de percebe, lapa e ourizo tanto a pé como en barco.

MORFOLOXÍA

Unidade moi colonizada, con importante presenza de edificacións tanto de orixe tradicional como recente. Os núcleos tradicionais de Pedornes, Vilar, Oia, (Núcleos de Identidade Litoral), O Barreiro e Chavella caracterízanse pola compacidade da súa casarío, composto orixinalmente por unha tipoloxía de vivenda unifamiliar unida de fronte estreita e fondo profundo, con cuberta de tella a dúas augas. Pedornes e Vilar, máis afastados da costa e a uns 100 metros de altitude, desenvóléronse ao longo da vía que os relaciona intimamente. Oia, pola contra, sitúase a pé de mar e únese a Chavella mediante unha vía que atravesa as terrazas de cultivo para salvar os 70 metros de diferenza de cota que os separan. O crecemento actual, apoiado nas novas vías de comunicación mediante unha tipoloxía de vivenda unifamiliar illada, tende a ocupar parcelas anteriormente agrícolas sen xerar un tecido compacto nin entidades recoñecibles.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria tradicional unía os diferentes núcleos de poboación, garantía o acceso ás extensas zonas de cultivo e abría varias conexións transversais até a fronte costeira. As intervencións máis recentes potencian a direccionalidade norte-sur deste armazón, primando as conexións lonxitudinais paralelas ao litoral, tanto coa construción de novos viarios (PO-552) como coa ampliación e reforma dos existentes. Estas actuacións contribuíron a potenciar un tipo de crecemento residencial lineal. As conexións transversais pasan a converterse en accesos marxinais ao litoral sen capacidade de estruturar o territorio.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Territorio cun profuso e valioso patrimonio arqueolóxico, onde destacan os petroglifos (como os petroglifos do Viveiro, de Pousadela, do Alto da Pedreira ou da Pedreira), moitos declarados Bens de Interese Cultural e algúns castros (do Bosque, de Chavella, O Castro ou Monte do Castro). Entre o patrimonio arquitectónico, é especialmente importante o Mosteiro de Santa María de Oia, fundado en 1137 con igrexa en estilo gótico tardío cisterciense. A igrexa de Pedornes, datada tamén en 1137, xunto á Ermida de San Sebastián, construída en 1770 no barrio de Arrabaldee a igrexa de San Mamede componen o resto do patrimonio relixioso da unidade. Son numerosos os exemplos de patrimonio etnográfico que se catalogan nos diferentes núcleos tradicionais deste territorio,, numerosas fontes, casas tradicionais e muíños de auga.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Territorio caracterizado polos claros límites interiores que marca a Serra do Torroso, cuxa ladeira constitúe a práctica totalidade da superficie da unidade. Superficies de repoboación para uso forestal cobren esta ladeira, en combinación con matogueira de substitución nas partes máis escarpadas e elevadas. As actividades agrícolas e residenciais combínanse de maneira fragmentada na franxa máis próxima ao litoral, cun intenso traballo do territorio construíndo a ladeira de suave pendente mediante bancais para o cultivo. Os núcleos tradicionais, sendo esta unha unidade tradicionalmente moi poboada, son casaríos compactos e relacionados por unha densa rede viaria. Por esta área discorren as principais vías de comunicación actuais, cunha importante compoñente lonxitudinal paralela á costa, que aglutinan a maior parte dos crecementos residenciais contemporáneos.

DINÁMICA DA PAISAXE

Paisaxe que acolleu sempre unha intensa actividade humana, o que se revela nas trazas que conserva das diferentes actividades que nel se foron desenvolvendo. A actividade agrícola foi durante moito tempo moi intensa no espazo que abarca desde a costa até a liña que forman os asentamentos orixinais. Na parte setentrional deste ámbito, sensiblemente máis plana, constituía un parcelario cadrado e regular, mentres que nas proximidades do núcleo de Oia, de maior pendente, a ladeira constrúese mediante bancais de parcelas paralelas á costa. Estas terras, conforme baixou a importancia da agricultura, foron sendo colonizadas por crecementos residenciais ou se abandonaron e cubríronse de matogueira costeira. Tamén aumentou a superficie forestal na ladeira da Serra do Torroso, debido ás plantacións de repoboación que agora se estenden en zonas que antes non tiñan ningún uso produtivo.



RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Paisaxe fortemente marcada polos límites xeográficos e visuais que supón a cordilleira do Torroso, paralela á costa. O territorio, fortemente ocupado polo home, inclúe varios núcleos que aínda conservan a súa morfoloxía e estrutura tradicionais, entre os que destaca polo seu valor patrimonial e simbólico o Mosteiro de Santa María de Oia, situado á beira do mar no núcleo de mesmo nome e que foi historicamente o impulsor da dinámica actividade desta zona. Oia e os núcleos de Vilar e Pedornes son considerados Núcleos de Identidade Litoral. Teñen especial valor etnográfico os bancais de cultivo que constrúen a ladeira na parte meridional do ámbito. Da riqueza da fronte acantilada fálanos a intensa actividade marisqueira que se dá ao longo de toda a costa da unidade. Ademais dos puntos elevados da cordilleira que o delimita, interesantes visuais transversais xéranse desde diversos puntos da costa, nas que sempre a torre do Mosteiro de Santa María de Oia domina o conxunto. As conexións transversais interrómpense polos potentes condicionantes xeográficos anteriormente mencionados. Entre eles destaca polo seu carácter identitario o Alto do Castelo, considerado Espazo de Interese Paisaxístico.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Crecementos residenciais con vivendas unifamiliares xurdidos ao longo da estrada PO-552 e cara á liña de costa, desde o núcleo de Oia ata o lugar de O Mato Vello, os cales áchanse desvinculados da vida rural e sen funcionalidade urbana. O obxectivo é integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, minimizar a presión sobre o perfil cantil e os efectos do paso de estrada autonómica e o seu carácter lineal para mellorar deste xeito a calidade escénica e ambiental deste lugar.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800
Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



